

Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización de actuacións de investigación e dinamización lingüística, a través do Instituto da Lingua Galega

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Secretaría Xeral da Lingua da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Lingua formalizará coa Universidade de Santiago de Compostela, o instrumento convencional enriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2028. Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Secretaría Xeral da Lingua e a Universidade de Santiago de Compostela para dinamizar o proceso normalizador, levando a cabo unha serie de actividades de fomento da lingua e da cultura galegas.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional se fundamentan no seguinte:

De acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, é responsabilidade do Goberno galego levar a cabo as medidas que sexan necesarias para garantir o uso como lingua cooficial do idioma galego e a promoción e difusión da cultura, polo que deberá adoptar as medidas oportunas para o seu fomento e estimular as manifestacións culturais feitas en galego.

As partes asinantes manifestan a súa vontade de colaborar na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia, na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade e tamén, favorecer a súa dinamización no tecido



económico para estender o seu uso nas relacións laborais, comerciais e empresariais co fin de incrementar produtos e servizos en galego en todos os ámbitos sociais e económicos

Que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude considera esencial apoiar iniciativas que respondan a obxectivos de interese social e que contribúan a sensibilizar e promover unha actitude positiva cara á lingua galega e a promoción e difusión. A Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela colaboran dende o ano 1987 no desenvolvemento de traballos de investigación lingüística do idioma galego, que a partir do ano 1994 se plasma coa sinatura ininterrompida de convenios de colaboración. Estes traballos realízanse a través do Instituto da Lingua Galega da dita Universidade e consisten na recolleita de material dialectal lingüístico galego a partir dos que se elaboran traballos científicos sobre gramática e lexicografía.

Que pola singularidade do seu obxecto, que persecue unicamente obxectivos de utilidade pública, polas características das actividades que se desenvolven ao abeiro do convenio e por ser a citada entidade a única destas características en Galicia, non resulta posible promover a concorrência pública para levar a cabo as actividades previstas no convenio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, para dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura deste instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asino telematicamente esta memoria, en Santiago de Compostela.

